



**GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ**

## **Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ**

### **MOCIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DUNHA SENDA CIRCULAR NAS MARXES DO RÍO ARNOIA O SEU PASO POLA VILA DE ALLARIZ**

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

#### **MOCIÓN**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A identificación do pobo de Allariz co seu río Arnoia está asentada en valores patrimoniais, culturais, ecolóxicos e sentimentais. Tanto no pasado coma no presente a economía local xira entorno ao leito fluvial, antes curtidos e hoxe turismo. Velaí onde se asenta dende fai séculos o vínculo afectivo entre o río e as xentes alaricanas.

Hoxe o río é un gran reclamo para a veciñanza e para os visitantes, que disfrutan das súas augas e do seu contorno. Unha fonte de riqueza na economía local que é imprescindible coidar permanentemente. Un elemento fundamental na Reserva da Biosfera.

A situación actual do noso río Arnoia é manifestamente mellorable. Aínda hai zonas do perímetro do río ao seu paso pola capitalidade, que precisan dunha actuación para poder completar un circuíto ou ruta de sendeirismo circular, que permita disfrutar do mesmo en plenitude.

Tal e como se pode verificar no reportaxe gráfico que acompaña esta iniciativa de impulso, son moitas as zonas do río nas que é preciso acometer obras de mellora e conservación para poder disfrutar dun paseo circular dende o Briñal ate o vano da autovía Rías Baixas.

Recoñecendo que nos derradeiros anos a posta en valor do río e da súa contorna foi unha tarefa acometida con moito tino, empezando polo plan de encanamento que foi aprobado no ano 2007, onde se pon de manifesto que *“o río e o seu entorno pasaron de ser un borde ou lindeiro para converterse nun elemento central do núcleo, establecéndose como un vínculo natural entre o casco histórico e as áreas de expansión do mesmo, servindo de transición entre o novo e o vello”*.

Tamén se pode compartir, tal e como se sinala no plan de encanamento mencionado que *“grazas a estas actuacións, o río Arnoia converteuse na peza fundamental na que se sustenta boa parte do atractivo de Allariz, recuperándose unha estreita vinculación do curso fluvial coa vila dende o punto de vista ambiental, cultural-etnográfico. Non hai que esquecer a estreita relación existente entre o río e as actividades económicas tradicionais, do que dan fe a gran cantidade de construcións hidráulicas (muíños, fábricas de curtidos, etc...) que se sitúan xunto a canle”*.

O que os Socialistas de Allariz vimos a propor con esta iniciativa e que logo dos trámites oportunos e coas administracións competentes, se proceda a realización dunha ruta circular de sendeirismo no río Arnoia ao seu paso pola capital alaricana. Unha ruta caracterizada pola facilidade do seu percorrido e pola vistosidade do seu trazado; desenvolta para desfrutar plenamente da paisaxe, da fauna e da pegada das construcións vencelladas historicamente ao río.

Na actualidade este percorrido proposto non se pode realizar de xeito circular, dado que son moitas as zonas onde é intransitable pola maleza e por algunha construción que impide o paso con normalidade. Resulta necesario proceder ao acondicionamento completo da ruta circular de 10 quilómetros, procedendo a unha axeitada recuperación ecolóxica, mediante a realización dunha actuación en todo o seu percorrido que sexa coherente cá contorna na que se enmarca, garantindo en todo caso a conservación dos valores ambientais asociados ao leito do río Arnoia ao seu paso por Allariz.

Con esta actuación proposta, trátase de recuperar de xeito definitivo e non con parches, o entorno natural do río mediante unha serie de actuacións de tipo ambiental, implantación dunha senda circular de ribeira e recuperación de accesos a zonas singulares; establecendo as condicións axeitadas que permitan o disfrute do medio fluvial pola poboación residente no municipio e polos que nos visitan.



**GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ**

A actuación que se propón para o seu estudo vai descrita no gráfico que se achega en adxunto, para ter unha visión global da mesma.

Por toda canto queda exposto, vimos a propor ao Pleno da Corporación de Allariz a adopción do seguinte,

**ACORDO:**


O Pleno do Concello de Allariz realizará as xestións pertinentes diante da Confederación Hidrográfica Miño – Sil, no prazo dun mes; para acometer as xestións necesarias e as actuacións precisas de cara a execución dunha senda circular peonil en sendas marxes do río Arnoia ao seu paso por Allariz.

En Allariz a 22 de outubro de 2018.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.  
Concelleira do PSdG-PSOE en Allariz.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-**

PROPOSTA DE ACONDICIONAMENTO DA RUTA CIRCULAR DE  
SENDEIRISMO NO RIO ARNOIA AO PASO POLA VILA DE ALLARIZ  
GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ



ESCALA GRÁFICA

SENDA PEONIL POLO RIO ARNOIA, 10 km 200 m  
CONCA DO RIO ARNOIA, ALLARIZ

Imaxes sobre o estado actual dalgunhas zonas do percorrido circular:







